

C.C./Sof.

A Presidencia, en uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte

R E S O L U C I Ó N

Como consecuencia dos últimos cambios en determinadas xefaturas de servizo e de conformidade coa proposta efectuada polo Secretario con data 16 de xuño do presente en relación coa designación de Secretarias/os delegadas/os das Comisións Informativas procede modificar a anterior Resolución Presidencial (RP2025002714) de data 08/04/2025, no que foron designados os mesmos.

Considerando que as funcións das Comisións Informativas, órganos sen atribucións decisorias, son de estudo, informe e consulta dos asuntos que deberán de ser sometidos á decisión do Pleno e da Xunta de Goberno cando esta actúe con competencias delegadas por aquel (art. 123.1 do RD 2568/86, de 28 de novembro).

Considerando que a función de fe pública atribuída ao titular da Secretaría predícase exclusivamente dos órganos colexiados que adopten acordos que vinculen á Corporación pero non de outros órganos administrativos que carezan de atribucións resolutorias e non vinculantes (art. 2 a) e d) do RD 128/2018, de 16 de marzo).

Visto o disposto nos arts. 34.1,h) da Lei 7/85, de 2 de abril e 61.12 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

R E S O L V O,

1. Nomear Secretarias/os delegadas/os das distintas Comisións Informativas ás/ós funcionarias/os seguintes:

Transparencia, Réxime Interior e Facenda

JOSÉ ANTONIO GULÍAS VARELA

Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais

MARCOS AREÁN GONZÁLEZ

Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente

CONCEPCIÓN LÓPEZ PAZ

Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico

ANA ISABEL AMOEDO GARRIDO

Proxectos Europeos, Modernización Tecnolóxica, Administrativa e Axenda Dixital

LUIS FEIJOO GARCÍA

Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico

BEGOÑA FERNÁNDEZ LORENZO

Deportes, Xuventude e Vida Saudable

MARINA PIÑEIRO NOVO

Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade

ANDRÉS FERNÁNDEZ LUCAS

Promoción Económica, Impulso e Formación para o Emprego

MANUEL CORUJO CASTRO

Comisión Especial de Contas

ANTONIO TORRÓN CASAL



2. Se por calquera causa non poden asistir ás sesións das Comisións Informativas as/os anteriormente designadas/os, asistirán ás mesmas a/o funcionaria/o do respectivo Servizo que aquela/el designe.
3. Queda derogada a anteriormente mencionada Resolución Presidencial (RP2025002714) de data 08/04/2025.

Da presente Resolución darase conta ás/ós interesadas/os, ó Pleno na primeira sesión que celebre, e, así mesmo, publicarase na páxina web corporativa, sen prexuízo da súa efectividade dende o día de hoxe.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe

